	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.

<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.

	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, débenos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Física e Química

Na área de Física e Química incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemáticas e básicas en ciencia e tecnoloxía

O adestramento nesta competencia facilita ao alumnado a adquisición de grande habilidade no manexo do método científico e todo o relacionado con el, o que axuda, á súa vez, a ter unha visión sobre o coidado saudable, e a ser respectuoso e sostible no que se refire ao uso das enerxías.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

23 Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.

24 Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.

- 5888 Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- 5889 Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- 5890 Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc.).
- 5891 Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- 5892 Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- 5893 Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Nesta área é necesaria a comprensión profunda para entender todo o que a materia nos propón. A lectura, a escritura e a expresión oral perfílanse por iso como eixe vertebrador. Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado e a un coñecemento profundo.

Os descritores que traballaremos con máis profundidade serán:

- 23 Captar o sentido das expresións orais.
- 24 Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- 25 Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- 26 Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- 5888 Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- 5889 Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- 5890 Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

Ciencia e tecnoloxía únense da man da competencia dixital. O adestramento nos descritores dixitais pode favorecer a adquisición da maioría dos coñecementos que se van estudar na área, así como achegar ferramentas para que o alumnado poida investigar e crear os seus traballos de campo utilizando ferramentas dixitais.

Para iso, traballaremos principalmente os seguintes descritores:

- 23 Empregar distintas fontes para a busca de información.
- 24 Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- 25 Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- 26 Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- 27 Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- 28 Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia posibilita que os alumnos e alumnas traballen tendo en conta aspectos que favorezan todo o relacionado coa interculturalidade, a expresión artística, a beleza, etc. Desde a área de Física e Química favorécese o traballo e desenvolvemento desta competencia a partir do adestramento dos seguintes descritores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Favorecer que os estudantes sexan cidadáns reflexivos, participativos, críticos e capaces de traballar en equipo son aspectos que se deben traballar para desenvolver axeitadamente esta competencia e garda unha estreita relación coas habilidades que debemos adestrar para axudar á formación de futuros profesionais.

Os descritores que fundamentalmente adestraremos son os seguintes:

Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Adestrar a autonomía persoal e o liderado, entre outros indicadores, axudará aos estudantes a tratar a información de forma que a poidan converter en coñecemento. Esta competencia fomenta a diverxencia en ideas e pensamentos, en formas de iniciativas tan diferentes como temas e persoas hai. Será importante adestrar cada un dos seguintes descritores para ofrecer ao alumnado ferramentas que posibiliten o adestramento desta competencia na área de Física e Química:

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo, superando as dificultades.

Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

O método científico e o enfoque fenomenolóxico fan necesario que a metodoloxía que se empregue posibilite ao alumnado a adquisición da competencia de aprender a aprender. O adestramento nos descritores facilitará procesos de aprendizaxes dinámicos e metacognitivos.

Os descritores que adestraremos principalmente son:

Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente, etc.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Os contidos da área de Física e Química para o primeiro ciclo da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria agrúpanse en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de

aprendizaxe fórmulanse para 2º e 3º de ESO, é dicir para o Primeiro Ciclo de Educación Secundaria; aínda que nesta programación soamente se incluírá o referente a 3º de ESO.

Dado que neste ciclo a materia de Física e Química pode ter un carácter terminal, o alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas que lle permitan adquirir unha cultura científica básica que, partindo dun enfoque fenomenolóxico, presente a materia como a explicación lóxica de todo aquilo ao que o alumnado está afeito e coñece.

CONTIDOS

Bloque 1. A actividade científica

O método científico: as súas etapas.
Medida de magnitudes.
Sistema Internacional de Unidades.
Notación científica.
Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación.
O traballo no laboratorio.
Proxecto de Investigación.

Bloque 2. A materia

Estrutura atómica. Isótopos.
Modelos atómicos.
O sistema periódico dos elementos
Unións entre átomos: moléculas e cristais.
Masas atómicas e moleculares.
Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas.
Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas da IUPAC.

Bloque 3. Os cambios

A reacción química.
Cálculos estequiométricos sinxelos.
Lei de conservación da masa.
A química na sociedade e no ambiente.

Bloque 4. Enerxía

Electricidade e circuítos eléctricos. Lei de Ohm.
Dispositivos electrónicos de uso frecuente.
Aspectos industriais da enerxía.
Fontes de enerxía.
Uso racional da enerxía.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. A actividade científica

1. Recoñecer e identificar as características do método científico.
 - 1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.

- 1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de xeito organizado e rigoroso, e comunícaos de forma oral e escrita utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.

Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.

- 2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.

Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.

- 3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados.

Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.

- 4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.

- 4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.

Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.

- 5.1. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.

- 5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.

Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.

- 6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico e utilizando as TIC para a busca e selección de información e presentación de conclusións.

- 6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.

Bloque 2. A materia

Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.

- 1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.

- 1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.

- 1.3. Relaciona a notación X, A, Z co número atómico e o número másico, determinando o número de cada unha dos tipos de partículas subatómicas básicas.

Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.

- 4.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.

Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.

- 3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.

- 3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.

Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.

- 4.1. Coñece e explica o proceso de formación de unión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.

- 4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas, interpretando este feito en substancias de uso frecuente e calcula as súas masas moleculares.

Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.

5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, clasificándoas en elementos ou compostos, baseándose na súa expresión química.

5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento e/ou composto químico de especial interese a partir dunha busca guiada de información bibliográfica e/ou dixital.

Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.

Bloque 3. Os cambios

1. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.

1.1. Identifica cales son os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas, interpretando a representación esquemática dunha reacción química.

Describir no nivel molecular o proceso polo cal os reactivos se transforman en produtos en termos da teoría de colisións.

2.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.

Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio e/ou de simulacións por ordenador.

3.1. Recoñece cales son os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.

Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.

4.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar experimentalmente o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, xustificando este efecto en termos da teoría de colisións.

4.2. Interpreta situacións cotiás nas que a temperatura inflúe significativamente na velocidade da reacción.

Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.

5.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, relacionándoo cos problemas ambientais de ámbito global.

5.2. Propón medidas e actitudes, nos ámbitos individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais

5.3. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.

Bloque 4. Enerxía

Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as diferentes fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sostible.

1.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.

Coñecer e comparar as diferentes fontes de enerxía empregadas na vida diaria nun contexto global que implique aspectos económicos e ambientais.

2.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano, a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.

2.2. Analiza a predominancia das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, argumentando os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.

Valorar a importancia de realizar un consumo responsable das fontes enerxéticas.

- 3.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial propoñendo medidas que poden contribuír ao aforro individual e colectivo.

Explicar o fenómeno físico da corrente eléctrica e interpretar o significado das magnitudes físicas intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, así como as relacións entre elas.

- 4.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.
 4.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia e relacións entre si utilizando a lei de Ohm.
 4.3. Distingue entre condutores e illantes, recoñecendo os principais materiais usados como tales.

Comprobar os efectos da electricidade e as relacións entre as magnitudes eléctricas mediante o deseño e construción de circuítos eléctricos e electrónicos sinxelos, no laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas.

- 5.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, identificando os seus elementos principais.
 5.2. Constrúe circuítos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.
 5.3. Aplica a lei de Ohm a circuítos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir doutras dúas, expresando o resultado en unidades do Sistema Internacional.
 5.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuítos e medir as magnitudes eléctricas.

Valorar a importancia dos circuítos eléctricos e electrónicos nas instalacións eléctricas e instrumentos de uso cotián, describir a súa función básica e identificar os seus distintos compoñentes.

- 6.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuítto eléctrico.
 6.2. Comprende o significado dos símbolos e abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.
 6.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuítto eléctrico: condutores, xeradores, receptores e elementos de control, describindo a súa correspondente función.
 6.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos, describindo as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e prezo dos dispositivos.

Coñecer a forma na que se xera a electricidade nos distintos tipos de centrais eléctricas, así como o seu transporte aos lugares de consumo.

- 7.1. Describe o proceso polo que as distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenamento deste tipo de enerxía.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Física e Química:

Cómpre adestrar sistematicamente os procedementos que conforman os alicerces da materia. Malia que a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo

básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que usan con frecuencia procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal, como o exposto sobre o método científico.

Por outro lado, cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; por iso, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os alumnos e alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Física e Química é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, o que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?

Cal foi o resultado da realización das actividades?

Cales delas gustaron máis?

Que propostas de mellora podemos sinalar?

8. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

A partir do traballo cos desempeños competenciais, obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifiquen a realización e a recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna; esta recollida pode pautarse ou deixar que sexa o propio alumnado o que seleccione que evidencias quere mostrar. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades atopadas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.

Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e as alumnas.

Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicalos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.

Probas escritas que evidencien o traballo cos estándares de aprendizaxe.

Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.

Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación, o profesor ou a profesora, o departamento, o seminario ou o equipo docente decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus estudantes. Para a súa determinación, poden apoiarse nunhas táboas como as seguintes:

Ferramentas de avaliación do traballo competencial	
Probas de avaliación escritas	
Evidencias dos estándares de aprendizaxe	
Cualificación total	

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	
2. ^a avaliación	
3. ^a avaliación	
Portfolio de aprendizaxe	
Cualificación total	

Así mesmo, cada centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final de cada alumno e alumna.

10. RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

O libro do alumno para a área de Física e Química 3º de ESO

A proposta didáctica para Física e Química 3º ESO

Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.

Os cadernos complementarios ao libro do alumno.

O libro dixital.

O CD que acompaña a proposta didáctica.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.

Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar con carácter xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS PA AVALIAR

PARA MELLORAR...

MELLORA PERSOAL

Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores de desempeño competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

ESO

Física e Química 3

Programación

Unidade inicial

Presentación da unidade

Obxectivos didácticos

Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe
avaliables/Competencias clave

Selección de evidencias para o portfolio

Competencias clave: descritores e desempeños

Tarefas

Estratexias metodolóxicas

Recursos

Ferramentas de avaliación

Medidas para a inclusión e atención á diversidade

Autoavaliación do profesorado

PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O coñecemento científico.

Descrición da unidade

Nesta primeira unidade estudarase o que é a ciencia, describindo as características do coñecemento científico, as etapas do método científico, algunhas das crenzas inadecuadas que se teñen da ciencia, como os modelos científicos nos axudan a estudar a ciencia e a relación que hai entre ciencia, tecnoloxía e sociedade (CTS). Diferenciarase entre cambios físicos e cambios químicos. Estudaranse as magnitudes físicas, as súas unidades e medida, a diferenza entre magnitudes fundamentais e derivadas, e o Sistema Internacional de unidades (SI). Analizaranse os instrumentos de medida, as súas calidades (intervalo de medida e sensibilidade), os erros asociados á medida (diferenciando precisión de exactitude, e como expresar a incerteza dunha medida), as medidas directas e indirectas e como minimizar erros en medidas directas. Expresaranse os resultados en notación científica, utilizando múltiplos e submúltiplos das unidades do SI. Estudaranse as ecuacións físicas e como se relacionan as súas magnitudes. Representaranse e interpretaranse gráficas, recoñecendo o tipo de relación existente entre as magnitudes. Enunciaranse as normas de seguridade no laboratorio e o material básico que se utiliza nos laboratorios de física e química.

Ao final da unidade propónse un traballo práctico sobre a flotabilidade do aluminio en mercurio.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os seguintes coñecementos:

Que é a ciencia? Como evoluciona?

A Física e a Química.

Magnitudes físicas. Unidades e medida.

Instrumentos de medida. Erros.

Múltiplos e submúltiplos.

A linguaxe da ciencia.

Material de laboratorio. Normas de seguridade.

Temporalización:

Para esta unidade imos utilizar as tres primeiras semanas do primeiro trimestre.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Enumerar e diferenciar as características do método científico.

Apreciar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.

Describir os procedementos científicos para determinar magnitudes.

Formular as medidas de forma correcta tendo en conta os seus erros dependendo do tipo de medida realizada.

Familiarizarse cos materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de física e de química, coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.

Entender a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.

Levar a cabo pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.

CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

		Estándares de aprendizaxe	
<p>Que é a ciencia?</p> <ul style="list-style-type: none"> - Características do coñecemento científico. - O método científico. - Algunhas crenzas inadecuadas sobre a ciencia. - Modelos científicos. - Ciencia, tecnoloxía e sociedade (CTS). <p>A Física e a Química:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cambios físicos e químicos. <p>Magnitudes físicas.</p> <p>Unidades e medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Magnitude física. - Unidades e medida de magnitudes. - Magnitudes fundamentais e derivadas. Sistema Internacional de Unidades. <p>Instrumentos de medida. Erros:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Calidades dos instrumentos de medida. - Erros de medida. - Medidas directas e indirectas. - Minimización de erros en medidas directas. <p>Múltiplos e submúltiplos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Notación científica. - Múltiplos e submúltiplos. <p>A linguaxe da ciencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións físicas. - Táboas e gráficas. 	1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	<p>1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.</p> <p>1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de xeito organizado e rigoroso, e comunícaos de forma oral e escrita utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC</p> <p>CCL, CMCT, CD, CAA, CEC</p>
	2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	CCL, CMCT, CD, CAA
	3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.	3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados.	CCL, CMCT, CD, CAA
	4. Expresar as medidas de forma correcta tendo en conta os seus erros dependendo do tipo de medida realizada.	4.1. Diferencia entre medidas directas e indirectas e escribeas seguidas do erro cometido durante a súa determinación.	CCL, CMCT, CD, CAA
	5. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de física e de química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do ambiente.	5.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CCL, CMCT, CAA

Material de laboratorio. Normas de seguridade: Normas de seguridade no laboratorio. Material básico de laboratorio.		5.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CCL, CMCT, CD, CAA
	6. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	6.1. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CCL, CMCT, CD, CAA
		6.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC
	7. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do ás TIC.	7.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico e utilizando as TIC para a busca e selección de información e presentación de conclusións.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
		7.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias do alumnado que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. O profesorado poderá substituílas por outras que considere máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	- Actividade do LA para formular hipóteses e actividade de «Traballa coa imaxe» do LA para deducir se no modelo da partícula material se observa algo non acorde coa realidade.
1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de xeito organizado e rigoroso, e comunicaos de forma oral e escrita utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	- Actividade do LA para representar en gráfico os datos dunha táboa e estudar LA súa relación.
2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	- Actividade do LA para buscar información sobre cambios nucleares e as súas características.
3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados.	- Actividade do LA para expresar unidades dadas no SI.
4.1. Diferencia entre medidas directas e indirectas e escribeas seguidas do erro cometido durante a súa determinación.	- Actividades do LA para explicar por que as magnitudes son derivadas e indicar unidades de medida de diferentes magnitudes e actividade para calcular erros absolutos e relativos
5.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	- Actividade de «Emprende-Aprende» para relacionar as etiquetas de seguridade con produtos da vida cotiá.
5.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	- Actividade do LA de «Traballa coa imaxe» para deducir a probeta utilizada segundo un volume.

6.1. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	- Actividade do LA para identificar as etapas do método científico dun texto científico.
6.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	- Actividade do LA para distinguir ciencias de pseudociencias, pola non aplicación do método científico.
7.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico e utilizando as TIC para a busca e selección de información e presentación de conclusións.	- Actividade do LA do apartado «Emprende-Aprende» na que fai unha lectura reflexiva sobre a indagación científica e elabora un breve informe sobre as preguntas formuladas seguindo o método científico.
7.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	- Actividades do LA do apartado «Práctica de laboratorio» nas que se familiariza co material que se utiliza para levar a cabo o estudo da flotabilidade do aluminio en mercurio e onde explica o proceso polo cal levou a cabo a práctica, que observou e as conclusións ás que chegou.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

<i>Comunicación lingüística.</i>	Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Define e emprega correctamente conceptos relacionados cos coñecementos adquiridos como: magnitude física, unidades de medida de magnitudes e erros de medida. Describe as etapas do método científico, crenzas inadecuadas sobre a ciencia, que é un modelo científico, en que consiste un cambio físico e químico...
	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Redacta informes breves da proposta de práctica no laboratorio.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Realiza a lectura comprensiva dun texto científico sobre a indagación científica.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.	Representa gráficas que relacionan magnitudes e reconece o tipo de proporcionalidade entre estas.
	Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.	Soluciona os exercicios propostos ao longo da unidade.
	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	Valora a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade. Interpreta etiquetaxe de produtos químicos.
	Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións e magnitudes	Coñece as unidades e medida de magnitudes do Sistema Internacional de Unidades, utiliza múltiplos e submúltiplos e a notación científica.
	Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.	Aplica o método científico en diferentes situacións. Diferencia cambio físico de cambio químico.

<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza os recursos incluídos en www.anayadigital.com e as aplicacións interactivas de instrumentos de medida e transformación de unidades.
	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Elixe distintos recursos dixitais con ética e criterio para utilízalos na busca de información relacionada con: as diferenzas entre astronomía e astroloxía, que son os cambios nucleares e por que son sete as magnitudes físicas fundamentais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xestionar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Utiliza de forma correcta o material de laboratorio para realizar a experiencia proposta no LA.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Realiza as actividades da unidade e as autoavaliacións interactivas inicial e final desta para valorar o aprendido.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Comprende a diferenza entre ciencia e pseudociencia.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Respecta as opinións expresadas polos compañeiros nos informes sobre as propostas de prácticas de laboratorio e algúns exercicios propostos durante a unidade.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Organiza o material de laboratorio e os pasos que cómpre seguir para realizar traballo práctico.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio científico-técnico e as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Mostra interese polo traballo dos científicos.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.	Valora as imaxes e fotografías do libro do alumnado que representan de forma clara e real os procesos explicados durante o tema da unidade.

6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

Tarefa 1: Lemos «Como traballan os científicos?» e traballamos co texto e a imaxe inicial.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas xerais, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe e o procedemento de traballo da unidade contidas na PD.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas de inicio da unidade incluídas na PD.

Traballamos a lectura, de forma cooperativa, e extraemos as ideas principais.

Realizamos as actividades «Pensamos en grupo» sobre se nalgunha ocasión oímos dicir «cientificamente demostrado», se a mensaxe é científica, buscar as definicións de: hipótese, lei e teoría científica, o significado de directamente e inversamente proporcional, o significado de magnitude física con exemplos, o significado de cuantificable de forma obxectiva e recoñecer os científicos das fotografías.

Observamos a imaxe e realizamos as actividades do LA.

Adiantamos as epígrafes da unidade no apartado «Que vas estudar?» do LA.

Expoñemos o esquema completo da unidade dos RD e anticipamos algúns conceptos contidos no apartado «Antes de empezar» do LA.

Tarefa 2: Explicamos o que é a ciencia.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Explicamos as características do coñecemento científico e as etapas do método científico, localizado no LA.

Recoñecemos algunhas crenzas inadecuadas sobre a ciencia, que é un modelo científico e a relación entre ciencia, tecnoloxía e sociedade, segundo o LA.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Investigamos sobre as diferenzas entre astronomía e astroloxía como se propón no LA e na PD.

Tarefa 3: Recoñecemos a importancia da física e a química.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Diferenciar cambio ou fenómeno físico de cambio ou fenómeno químico, como se indica no LA.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Investigamos sobre os cambios nucleares.

Tarefa 4: Coñecemos as magnitudes físicas e as unidades e medidas.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Definimos magnitude física, unidade dunha magnitude física e medida de magnitudes, localizada no LA.

Diferenciamos magnitudes fundamentais de derivadas e coñecemos as unidades de magnitudes fundamentais no sistema internacional, como se indica no LA.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Buscamos información sobre por que son sete as magnitudes fundamentais.

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Tarefa 5: Coñecemos os instrumentos de medida e os erros.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Explicamos as calidades dos instrumentos de medida, os erros na medida, as medidas directas e indirectas e a minimización de erros en medidas directas, incluídas no LA.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Traballamos coa aplicación interactiva «instrumentos de medida».

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Tarefa 6: Estudamos os múltiplos e submúltiplos.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Aprendemos a utilizar a notación científica e os múltiplos e submúltiplos das unidades do SI, recollidas no LA.

Traballamos coas aplicacións interactivas de transformación de unidades.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 7: Explicamos a linguaxe da ciencia.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Identificamos que é unha ecuación física e as súas relacións de proporcionalidade, como se mostra no LA.

Representamos e interpretamos táboas e gráficas e deducimos o tipo de proporcionalidade, segundo se indica no LA.

Traballamos cos exercicios resoltos do LA.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 8: Coñecemos o material de laboratorio e as normas de seguridade.

Explicamos as normas de seguridade que hai que acatar para traballar nun laboratorio e as etiquetas de produtos químicos, mostradas no LA.

Coñecemos o material básico de laboratorio, utilizando a imaxe do LA.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 9: Realizamos o obradoiro de ciencias.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Lemos o apartado de «As ideas clave» da unidade e realizamos as actividades de «Organizo as ideas», recollidas no LA e na PD.

Tarefa 10: Realizamos as actividades do apartado «Traballa co aprendido».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas para o repaso da unidade incluídas na PD.

Lemos o resumo da unidade dos RD.

Realizamos o conxunto de actividades baixo os títulos de: Que é a ciencia? Como evoluciona?, A Física e a Química, Magnitudes físicas. Unidades e medida, Instrumentos de medida. Erros, Múltiplos e submúltiplos, A linguaxe da ciencia, Material de laboratorio. Normas de seguridade, de «Practica o aprendido» do LA e dos RD.

Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

Tarefa 11: Realizamos o traballo práctico de «Emprende-Aprende».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Lemos no LA os pasos que hai que seguir para realizar o traballo práctico de laboratorio do estudo experimental da flotabilidade do aluminio en mercurio.

Realizamos as actividades relacionadas co traballo práctico que aparecen no LA.

Tarefa 12: Traballamos o apartado de «Emprende-Aprende» do apartado «Ciencia e Tecnoloxía».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas para o repaso da unidade recollidas na PD.

Facemos unha lectura comprensiva do texto A indagación científica, incluído no LA.

Respondemos as cuestións sobre a indagación científica suxeridas no LA.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Utilización do material de laboratorio logo de explicación do profesorado de que se vai utilizar, como e por que.

Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar.

Traballo en grupo cooperativo de tres ou catro alumnos ou alumnas no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.

Posta en común despois do traballo individual.

RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos desta unidade:

Libro do alumnado, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos de consulta, etc.

Caderno do alumnado para realizar nel as actividades propostas polo profesorado.

Material de laboratorio: cilindro de aluminio, balanza, probeta.

Fichas fotocopiáveis de reforzo e ampliación para a inclusión e a atención á diversidade.

Fichas fotocopiáveis para a adaptación curricular.

Fichas fotocopiáveis de avaliación.

Material para desenvolver as competencias e tarefas para adestrar probas baseadas en competencias.

Recursos dixitais

Recursos dixitais para o profesorado, que acompañan a proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.

Enlaces web: <http://anayaeducacion.com>.

Probas de autoavaliación, inicial e final, interactivas da unidade e xerador de probas escritas para a avaliación dos contidos.

Actividades interactivas de instrumentos de medida, transformación de unidades.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Proba de avaliación da unidade.

Tarefas para adestrar probas baseadas en competencias.

Avaliación dos contidos da unidade, que poden obterse co xerador de probas escritas de avaliación.

Seguimento da avaliación continua de cada alumno e alumna con diferentes probas orais e escritas, ademais da actitude e interese demostrados na aula.

Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para avaliar as medidas para a inclusión e a atención á diversidade individual e do grupo que requira o desenvolvemento da unidade, dispón dunha rúbrica no anexo «Ferramentas de avaliación».

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

Dispón dunha rúbrica para realizar a devandita autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

ESO

Física e Química 3

Programación

Unidade 1

Presentación da unidade

Obxectivos didácticos

Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe
avaliables/Competencias clave

Selección de evidencias para o portfolio

Competencias clave: descritores e desempeños

Tarefas

Estratexias metodolóxicas

Recursos

Ferramentas de avaliación

Medidas para a inclusión e atención á diversidade

Autoavaliación do profesorado

PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Estrutura atómica da materia.

Descrición da unidade

Nesta unidade estudarase a estrutura da materia desde o punto de vista atómico, dándolle unha visión histórica a este, comezando polas leis ponderais. Tomarase como punto de partida a teoría atómica de Dalton para o coñecemento do átomo. Expoñeranse os experimentos de Thomson e Millikan para xustificar o descubrimento e caracterización do electrón. Analizaranse os distintos modelos atómicos de Thomson, Rutherford, Bohr e o actual, resaltando os acertos e fallos de cada un deles. Coñecidas as partículas subatómicas, caracterizaranse os átomos mediante o seu número atómico e o seu número másico. Definirase o concepto de isótopo e as aplicacións dos isótopos radioactivos, na medicina e na datación de restos arqueolóxicos, así como a importancia da xestión dos residuos xerados. Para finalizar, describirase a codia electrónica e verase como se distribúen os electróns nesta e a formación de ións ao perder ou gañar electróns da súa capa de valencia.

Ao final da unidade propónse un traballo práctico relacionado coa caracterización de metais en función da cor da luz emitida ao seren queimados nunha chama.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

Leis fundamentais da Química.

Teoría atómica de Dalton.

Estrutura interna dos átomos.

Modelos atómicos.

Caracterización dos átomos.

Isótopos. Aplicacións.

A codia electrónica.

Temporalización:

Para esta unidade imos utilizar a metade do primeiro trimestre (lembrando que, aínda que a unidade inicial é transversal, se utilizan un par de semanas para o seu repaso).

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Aplicar as leis ponderais: lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas.

Coñecer a Teoría atómica de Dalton, os seus acertos e fallos e a importancia no desenvolvemento da química.

Describir o descubrimento do electrón, dos raios X e a radioactividade.

Destacar a importancia dos modelos atómicos como instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.

Explicar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.

Diferenciar as capas da codia electrónica e deducir a formación de catións e anións debido á perda ou ganancia de electróns.

Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre as leis ponderais, estrutura interna dos átomos, os isótopos e a codia electrónica.

Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita e mostrar interese pola lectura.

Executar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, describindo o proceso e interpretando os resultados.

Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.

Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.

Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.

Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

		Estándares de aprendizaxe	
<p>Leis fundamentais da Química:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei da conservación da masa. - Lei das proporcións definidas. <p>Teoría atómica de Dalton:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ideas de Dalton sobre a materia. <p>Estrutura interna dos átomos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O descubrimento do electrón. - Os raios X e a radioactividade. <p>Modelos atómicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modelo atómico de Thomson. - Modelo atómico de Rutherford. - Modelo atómico de Bohr. - Modelo atómico actual. <p>Caracterización dos átomos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As partículas subatómicas. - Caracterización dos átomos. - A masa dos átomos. <p>Isótopos. Aplicacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de isótopo. - Os isótopos radioactivos. Aplicacións. - A xestión dos residuos radioactivos. 	1. Coñecer as leis ponderais: lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas.	1.1. Realiza cálculos de masa de substancias elementais ou compostos aplicando Lei de conservación da masa e/ou lei das proporcións definidas.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
	2. Describir a Teoría atómica de Dalton, os seus acertos e fallos e a importancia no desenvolvemento da química.	2.1. Enuncia a Teoría atómica de Dalton e recoñece os seus acertos e fallos, así como a importancia desta teoría para o desenvolvemento da química.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
	3. Recoñecer o descubrimento do electrón, dos raios X e a radioactividade.	3.1. Explica os procedementos que se levaron a cabo para a determinación dos electróns e as súas características.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
	4. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.	4.1. Representa o átomo a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	CCL, CMCT, CD, CAA, SIEP, CEC
		4.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	CCL, CMCT, CD, CAA
		4.3. Relaciona a notación AZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada unha dos tipos de partículas subatómicas básicas.	CCL, CMCT, CD, CAA

A codia electrónica: O átomo: dúas zonas moi diferentes. Situación dos electróns na codia. Formación de ións.	5. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.	5.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a xestión destes.	CCL, CMCT, CAA, CSC, SIEP
	6. Coñecer as capas da codia atómica e relacionar a perda ou ganancia de electróns coa formación de catións e anións.	6.1. Determina a formación de ións ao engadir ou eliminar electróns dun átomo dado e representa o devandito ión.	CCL, CMCT, CAA, CSC, CEC
	7. Comprender a información e adquirir o vocabulario sobre as leis ponderais, estrutura interna dos átomos, os isótopos e a codia electrónica.	7.1. Comprende os textos tratados durante a unidade e utiliza o vocabulario sobre as leis ponderais, estrutura interna dos átomos, os isótopos e a codia electrónica.	CCL, CMCT, CAA CEC
	8. Formular coñecementos e opinións de forma oral e escrita e mostrar interese pola lectura.	8.1. Expresa os coñecementos adquiridos de xeito oral e escrito e mostra interese pola lectura.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC
	9. Realizar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os resultados.	9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade do laboratorio e coida os instrumentos e o material empregado.	CCL, CMCT, CAA, CSC, SIEP
		9.2. Desenvolve e planifica o traballo experimental de forma autónoma facendo uso do material correspondente para iso. Interpreta os resultados e describe o proceso seguido.	CCL, CMCT, CAA, CSC, SIEP, CEC
	10. Desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.	10.1. Adopta actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de participar en actividades de aprendizaxe cooperativa.	CAA, CSC, SIEP

	11. Coñecer e usar de forma responsable as TIC e a información.	11.1. Realiza pequenos traballos de investigación utilizando as TIC de forma responsable, coñecendo os recursos dixitais e a información da unidade.	CCL, CMCT, CD, CAA, SIEP
	12. Converter a información en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.	12.1. Trata a información con criterio e aplícaa a distintos contextos introducíndoa de forma activa no proceso de aprendizaxe.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias do alumnado que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. O profesorado poderá substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

1.1. Realiza cálculos de masa de elementos ou compostos aplicando a Lei de conservación da masa e/ou a Lei das proporcións definidas.	- Actividade do LA para comprobar que dous elementos se combinan nunha relación fixa.
2.1. Enuncia a Teoría atómica de Dalton e reconece os acertos e fallos, así como a importancia desta teoría para o desenvolvemento da química.	- Actividade do LA para enunciar a hipótese de Dalton e explicar por que algúns dos seus postulados non son válidos.
3.1. Explica os procedementos que se levaron a cabo para a determinación dos electróns e as súas características.	- Actividade do LA «Emprende-Aprende» para explicar o experimento de Millikan.
4.1. Representa o átomo a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	- Actividade do LA na que se pide buscar unha analogía á nosa escala da natureza oca do átomo.
4.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	- Actividade do LA na que se teñen que sinalar as analogías e as diferenzas entre os modelos atómicos estudados.
4.3. Relaciona a notación AZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada un dos tipos de partículas subatómicas básicas.	- Actividade do LA na que se pide explicar os erros na notación de certos átomos.
5.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a xestión destes.	- Actividade do LA «Emprende-Aprende» para buscar información sobre a datación de restos arqueolóxicos mediante isótopos radioactivos.
6.1. Determina a formación de ións ao engadir ou eliminar electróns dun átomo dado e representa o devandito ión.	- Actividade do LA para determinar se é ión positivo ou negativo, indicar a capa e representalo, dados diferentes elementos.
7.1. Comprende os textos tratados durante a unidade e adquire o vocabulario sobre as leis ponderais, estrutura interna dos átomos, os isótopos e a codia electrónica.	- Actividade do LA do apartado «Obradoiro de Ciencias» para explicar algunhas ideas da unidade (leis fundamentais e teoría atómica; estrutura interna do átomo e modelos atómicos; o núcleo do átomo, isótopos; a codia do átomo, ións...).

8.1. Expresa os coñecementos adquiridos de xeito oral e escrito, e mostra interese pola lectura.	- Actividade do LA do apartado «Emprende-Aprende» na que fai unha lectura reflexiva sobre <i>Os residuos radioactivos</i> e elabora un breve informe sobre os ciclos de combustible nuclear, o seu almacenamento e as opinións a favor e en contra da construción do ATC.
9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade do laboratorio e coida os instrumentos e o material empregado.	- Actividades do LA do apartado «Práctica de laboratorio» nas que se familiariza co material que se utiliza para levar a cabo a práctica «Química de fogos artificiais».
9.2. Desenvolve e planifica o traballo experimental de forma autónoma facendo uso do material correspondente para iso. Interpreta os resultados e describe o proceso seguido.	
10.1. Adopta actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de participar en actividades de aprendizaxe cooperativa.	- Actividades do LA do apartado «Pensamos en grupo» nas que traballan de forma cooperativa para citar partículas presentes en toda a materia, a importancia de coñecer a estrutura da materia, pensar nas aplicacións xurdidas do coñecemento da estrutura da materia.
11.1. Realiza pequenos traballos de investigación utilizando as TIC de forma responsable, coñecendo os recursos dixitais e a información da unidade.	- Actividade do LA do apartado «Emprender-Aprender», onde busca información sobre os ciclos de combustible nuclear, o seu almacenamento e as opinións a favor e en contra da construción do ATC, e actividades interactivas ao longo de toda a unidade nos apartados de «Na web».
12.1. Trata a información con criterio e aplícaa a distintos contextos introducíndoa de forma activa no proceso de aprendizaxe.	- Actividade do LA na que se pide buscar información sobre a importancia da auga na sociedade e as consecuencias de non ter auga potable.

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

<i>Comunicación lingüística.</i>	Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Define e emprega correctamente conceptos relacionados cos coñecementos adquiridos como electrón, protón, neutrón, catión, anión, isótopo. Describe as leis ponderais, a estrutura interna dos átomos segundo os diferentes modelos, os isótopos e a codia electrónica.
	Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	Redacta informes breves das dúas propostas de prácticas no laboratorio e sobre os ciclos de combustible nuclear, o seu almacenamento e as opinións a favor e en contra da construción do ATC.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Realiza a lectura comprensiva dun texto científico sobre os residuos nucleares.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá, manexando os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para comprender o que acontece a noso arredor.	Toma conciencia da importancia da xestión de residuos industriais. É consciente das características das partículas subatómicas e pode facer analogías con exemplos da vida cotiá.
	Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.	Soluciona os exercicios propostos ao longo da unidade.
	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.	Representa a distribución de electróns por capas. Ilustra os modelos atómicos que diferencian as partes dun átomo. Diferencia os modelos atómicos a través das súas representacións.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza os recursos incluídos en www.anayadigital.com para obter información sobre o fundamento científico da datación de restos arqueolóxicos mediante isótopos radioactivos.

	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Elixe distintos recursos dixitais con ética e criterio para utilizalos na busca de información relacionada cos ciclos de combustible nuclear, o seu almacenamento e as opinións a favor e en contra da construción do ATC.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xestionar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Utiliza de forma correcta o material de laboratorio para realizar as experiencias propostas no LA.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Realiza as actividades da unidade e as autoavaliacións interactivas inicial e final desta para valorar o aprendido.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Comprende a importancia da xestión de residuos radioactivos.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Respecta as opinións expresadas polos compañeiros e compañeiras nos informes, traballos en grupo e debates propostos durante a unidade.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.	Organiza o material de laboratorio e os pasos que cómpre seguir para realizar traballo práctico.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio científico-técnico e as persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Mostra interese pola evolución dos modelos atómicos ao longo da historia e a súa importancia na ciencia actual.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.	Utiliza debuxos para representar os distintos modelos atómicos e formación de ións. Valora as imaxes e fotografías do libro do alumnado que representan de forma clara e real os procesos explicados durante o tema da unidade.

6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

Tarefa 1: Lemos «Como se desenvolveu o estudo da constitución da materia?» e traballamos co texto e a imaxe inicial.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas xerais, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe e o procedemento de traballo da unidade, contidas na PD.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas de inicio da unidade incluídas na PD.

Traballamos a lectura, de forma cooperativa, e extraemos as ideas principais.

Realizamos as actividades «Pensamos en grupo» sobre as partículas presentes na materia, a importancia de coñecer a estrutura da materia e as aplicacións que xurdiron do coñecemento da estrutura da materia.

Observamos a imaxe e realizamos as actividades do LA.

Adiantamos as epígrafes da unidade no apartado «Que vas estudar?» do LA.

Expoñemos o esquema completo da unidade dos RD e anticipamos algúns conceptos contidos no apartado «Antes de empezar» do LA.

Tarefa 2: Explicamos as leis fundamentais da química: lei de conservación da masa e lei das proporcións múltiples.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Explicamos a lei de conservación da masa e a lei das proporcións definidas, recollidas no LA e no material dixital das RD.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Investigamos sobre o traballo de M. A. Paulze, esposa de Lavoisier, e doutras mulleres no desenvolvemento da ciencia.

Preguntámoslle ao grupo a diferenza entre peso e masa, deixando clara a súa diferenza, como se propón no LA e na PD.

Tarefa 3: Enunciamos a teoría atómica de Dalton.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Identificamos as ideas de Dalton sobre a materia, os seus acertos e os seus erros, así como a súa importancia no desenvolvemento da química.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Investigamos sobre Leucipo e Demócrito e as súas ideas sobre a construción da materia.

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Tarefa 4: Describimos a estrutura interna dos átomos.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Explicamos o descubrimento do electrón, os raios X e a radioactividade, como se reflicte no LA.

Analizamos o experimento de Millikan, coa axuda da imaxe e busca de información.

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Tarefa 5: Analizamos os modelos atómicos.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Estudamos os modelos atómicos de Thomson, Rutherford, Bohr e o modelo actual, vendo os fallos e acertos de cada un deles, como se recolle no LA.

Traballamos coas imaxes do LA e realizamos as actividades asociadas como se propón na PD.

Aplicamos o método científico para explicar o modelo de Thomson.

Achamos a relación entre o núcleo e o raio dun átomo, buscando algunha analogía á nosa escala.

Realizamos as actividades do LA, da PD, dos RD e dos RF.

Tarefa 6: Describimos as características dos átomos.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Definimos as partículas subatómicas, o número atómico e o número másico, e a unidade de masa atómica, recollidas no LA.

Traballamos coas imaxes do LA, explicando a importancia dos aceleradores de partículas para coñecer a materia.

Investigamos sobre os aceleradores de partículas nos Estados Unidos e en Europa.

Buscamos información sobre a ecuación de Einstein que relaciona masa e enerxía, en reaccións nucleares.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 7: Definimos o concepto de isótopo e as súas aplicacións.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Explicamos o concepto de isótopo e traballamos coa imaxe da súa representación, recollido todo no LA.

Analizamos as aplicacións de isótopos radioactivos e a xestión dos residuos que isto leva consigo.

Buscamos información sobre o período de semidesintegración dun isótopo radioactivo e a importancia deste dato nos isótopos que se utilizan en medicina.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 8: Estudamos a codia electrónica.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Sinalamos a situación dos electróns na codia, por capas ou niveis, e o seu número máximo en cada unha destas, explicada no LA.

Explicamos a formación de ións ao gañar ou perder electróns na súa última capa, explicado no LA.

Describimos a estrutura electrónica dos átomos con modelos gráficos, recollidos no LA.

Realizamos as actividades do LA, dos RD, da PD e dos RF.

Tarefa 9: Realizamos o obradoiro de ciencias.

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Lemos o apartado de «As ideas clave» da unidade e realizamos as actividades de «Organizo as ideas», recollidas no LA e na PD.

Tarefa 10: Realizamos as actividades do apartado «Traballa co aprendido».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas para o repaso da unidade incluídas na PD.

Realizamos o conxunto de actividades baixo os títulos de: leis fundamentais e teoría atómica; Estrutura interna do átomo e modelos atómicos; O núcleo do átomo, isótopos; A codia do átomo, ións, de «Practica o aprendido» do LA e dos RD.

Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

Tarefa 11: Realizamos o traballo práctico de «Emprende-aprende».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas incluídas na PD.

Lemos no A os pasos que hai que seguir para realizar o traballo práctico de laboratorio da química de lumes artificiais.

Realizamos as actividades relacionadas co traballo práctico que aparecen no LA.

Tarefa 12: Traballamos o apartado de «Emprende-Aprende» do apartado «Física cotiá».

Coñecemos as suxestións metodolóxicas para o repaso da unidade recollidas na PD.

Facemos unha lectura comprensiva do texto Os residuos radioactivos, incluído no LA.

Comentamos en grupo o informe que se prepara sobre o ciclo de combustión nuclear, as súas vantaxes, o almacenamento do combustible nuclear, os riscos e viabilidade e as opinións do ATC, suxerido no LA.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Utilización do material de laboratorio logo da explicación do profesorado do que se vai utilizar, como e por que, sen que iso impida que o alumnado desenvolva a súa propia iniciativa á hora de planificar o traballo de laboratorio.

Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar.

Traballo en grupo cooperativo de tres ou catro alumnos ou alumnas no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.

Posta en común despois do traballo individual.

RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos desta unidade:

Libro do alumnado, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos de consulta, etc.

Caderno do alumnado para realizar nel as actividades propostas polo profesorado.

Material de laboratorio: soporte con tubos de ensaio, chisqueiro Bunsen, fío de platino ou nicromo, vaso de precipitados, cloruros de varios metais (sodio, cobre, estroncio e potasio).

Fichas fotocopiáveis de reforzo e ampliación para a inclusión e a atención á diversidade.

Fichas fotocopiáveis para a adaptación curricular.

Fichas fotocopiáveis de avaliación.

Material para desenvolver as competencias e tarefas para adestrar probas baseadas en competencias.

Recursos dixitais

Recursos dixitais para o profesorado, que acompañan a proposta didáctica, e para o alumnado, cos que poderán reforzar e ampliar os contidos estudados.

Enlaces web: <http://anayaeducacion.com>.

Probas de autoavaliación, inicial e final, interactivas da unidade e xerador de probas escritas para a avaliación dos contidos.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Proba de avaliación da unidade.

Tarefas para adestrar probas baseadas en competencias.

Avaliación dos contidos da unidade, que poden obterse co xerador de probas escritas de avaliación.

Seguimento da avaliación continua de cada alumno e alumna con diferentes probas orais e escritas, ademais da actitude e interese demostrados na aula.

Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para avaliar as medidas para a inclusión e a atención á diversidade individual e do grupo que requira o desenvolvemento da unidade, dispón dunha rúbrica no anexo «Ferramentas de avaliación».

AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

Dispón dunha rúbrica para realizar a devandita autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

ESO

Física e Química 3

Programación

Unidade 2

Presentación da unidade

Obxectivos didácticos

Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe
avaliables/Competencias clave

Selección de evidencias para o portfolio

Competencias clave: descritores e desempeños

Tarefas

Estratexias metodolóxicas

Recursos

Ferramentas de avaliación

Medidas para a inclusión e atención á diversidade

Autoavaliación do profesorado

PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

As substancias químicas.

Descrición da unidade

Nesta unidade estudaranse os elementos químicos, os seus símbolos e a súa colocación na táboa periódica segundo o seu número atómico, así como a súa evolución ao longo da historia. Veranse as unións entre os átomos, seguindo a regra do octeto. Diferenciarase entre moléculas e cristais e os distintos tipos destes: iónicos, metálicos e covalentes. Aprenderase a formular compostos binarios e ternarios. Calcularanse a masa atómica media e a masa molecular e masa da unidade fórmula, para o caso de cristais. Para finalizar afondarase en substancias de especial interese como o grafeno ou o titanio.

Ao final da unidade propónse un traballo práctico relacionado cos elementos e compostos, diferenciando unha mestura de ferro e xofre do composto que se forma ao quentarse a mestura.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

Os elementos químicos.

O Sistema Periódico.

Unións entre átomos.

Moléculas e cristais.

Masas atómicas e moleculares.

Substancias de especial interese.

Temporalización:

Para esta unidade imos utilizar a segunda metade do primeiro trimestre.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Identificar os elementos químicos, os seus nomes e os seus símbolos.

Entender a ordenación dos elementos na táboa periódica e destacar os máis relevantes a partir dos seus símbolos.

Explicar como se unen os átomos para formaren estruturas máis complexas e desenvolver as propiedades das agrupacións resultantes.

Formular e nomear compostos binarios e ternarios seguindo as normas da IUPAC.

Definir o termo masa atómica media e calcular o seu valor.

Distinguir entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente coñecido.

Entender a información e familiarizarse co vocabulario sobre elementos, moléculas, cristais, masa atómica, masa molecular e formulación inorgánica.

Manifestar coñecementos e opinións de forma oral e escrita e mostrar interese pola lectura.

Executar un traballo experimental co apoio dun guión de prácticas, describindo o seu proceso e interpretando os resultados.

Mostrar actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.

Ter iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.

Coñecer e utilizar de forma responsable as TIC e a información.

Transformar a información en coñecemento propio e empregala en distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.

CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

		Estándares de aprendizaxe	
<p>Os elementos químicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elementos naturais e artificiais. - Nome e símbolo dos elementos químicos. - Metais e non metais. <p>O sistema periódico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Clasificación periódica dos elementos. - O Sistema Periódico actual <p>Unións entre átomos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por que se unen os átomos? - Cargas eléctricas dos ións. <p>Moléculas e cristais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Moléculas. - Cristais. - Fórmulas químicas. <p>Masas atómica e moleculares;</p> <ul style="list-style-type: none"> - A masa dos átomos. Masa atómica media. - Masa molecular e masa da unidade fórmula. <p>Substancias de especial interese:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O grafeno. - O titanio. 	1. Coñecer os elementos químicos, os seus nomes e símbolos.	1.1. Relaciona os elementos co seu símbolo químico.	CCL, CMCT, CAA
	2. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	2.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	CCL, CMCT, CAA
		2.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	CCL, CMCT, CAA
	3. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.	3.1. Coñece e explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación axeitada para a súa representación.	CCL, CMCT, CAA
		3.2. Explica como algúns átomos tenden a reagruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente e calcula as súas masas moleculares.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
	4. Explicar o termo masa atómica media e achar o seu valor.	4.1. Define e calcula a masa atómica media, coñecidas as masas dos seus isótopos e as súas abundancias relativas.	CCL, CMCT, CD, CAA

	5. Formular e nomear compostos binarios e ternarios seguindo as normas da IUPAC.	5.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios e ternarios seguindo as normas da IUPAC.	CCL, CMCT, CAA
	6. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente.	6.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, clasificándoas en elementos ou compostos baseándose na súa expresión química.	CCL, CMCT, CD, CAA
		6.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento e/ou composto químico de especial interese a partir dunha busca guiada de información bibliográfica e/ou dixital.	CCL, CMCT, CD, CAA CEC
	7. Comprender a información e adquirir o vocabulario sobre as substancias químicas: elementos, moléculas, cristais, masa atómica e molecular e formulación inorgánica.	7.1. Comprende os textos tratados durante a unidade e adquire o vocabulario sobre elementos, moléculas, cristais, masa atómica e molecular e formulación inorgánica.	CCL, CMCT, CEC
	8. Expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita e mostrar interese pola lectura.	8.1. Expresa os coñecementos adquiridos de xeito oral e escrito e mostra interese pola lectura.	CCL, CMCT, CAA, SIEP, CEC
	9. Realizar un traballo experimental segundo o procedemento descrito no LA, realizando un informe de laboratorio no que se describe a súa execución e se interpretan os resultados.	9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade do laboratorio e coida os instrumentos e o material empregado.	CCL, CMCT, CAA, CSC, SIEP
		9.2. Desenvolve o traballo experimental de forma independente, utilizando o material correspondente para iso. Interpreta os resultados e describe o proceso seguido.	CCL, CMCT, CAA, CSC, SIEP, CEC

<p>10. Desenvolver actitudes de respecto, tolerancia e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>10.1. Adopta actitudes de respecto, tolerancia e colaboración cando participa en actividades de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CAA, CSC, SIEP</p>
<p>11. Mostrar iniciativa e perseveranza no momento de afrontar problemas e defender opinións de xeito crítico.</p>	<p>11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros cometidos e persevera para mellorar nesas tarefas.</p>	<p>CAA, CSC, SIEP</p>
<p>12. Coñecer e usar de forma responsable as TIC e a información.</p>	<p>12.1. Utiliza de forma responsable as TIC e a información da unidade.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, SIEP</p>
<p>13. Converter a información en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos para introducila de forma activa no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>13.1. Trata a información con criterio e aplícaa en distintas situacións e utilízaa de forma activa no proceso de aprendizaxe.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP</p>

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias do alumnado que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. O profesorado poderá substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

1.1. Relaciona os elementos co seu símbolo químico.	- Actividade do LA para nomear elementos dado o símbolo químico.
2.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	- Actividade do LA na que se pregunta polo criterio seguido para ordenar os elementos químicos.
2.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	- Actividade do LA na que se pregunta sobre as propiedades físicas que permiten identificar un metal e o tipo de ións que forman.
3.1. Coñece e explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	- Actividade do LA na que se explica a carga que terán uns elementos químicos ao formarse os seus ións correspondentes.
3.2. Explica como algúns átomos tenden a reagruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente e calcula as súas masas moleculares.	- Actividades do LA nas que se pide a realización dun esquema das unións entre átomos e as estruturas que resultan delas, e o cálculo da masa molecular da auga e a súa expresión en distintas unidades.
4.1. Define e calcula a masa atómica media coñecidas as masas dos seus isótopos e as súas abundancias relativas.	- Actividade do LA para calcular a masa atómica media.
5.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios e ternarios seguindo as normas da IUPAC.	- Actividades do LA recollidas no anexo de «Formulación e nomenclatura» nas que se pide tanto formular como nomear compostos binarios e ternarios.
6.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, clasificándoas en elementos ou compostos baseándose na súa expresión química.	- Actividade do LA na que se pide o significado da fórmula química do fullereno a partir da súa estrutura.

6.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento e/ou composto químico de especial interese a partir dunha busca guiada de información bibliográfica e/ou dixital.	- Actividade do LA na que se busca información sobre substancias de especial interese para o ser humano e explica as súas aplicacións.
7.1. Comprende os textos tratados durante a unidade e adquire o vocabulario sobre a materia, os gases e as súas transformacións.	- Actividade do LA do apartado «Obradoiro de Ciencias» para explicar algunhas ideas da unidade (os elementos químicos, o sistema periódico, unións entre átomos, moléculas e cristais e masas atómicas e moleculares).
8.1. Expressa os coñecementos adquiridos de xeito oral e escrito e mostra interese pola lectura.	- Actividade do LA do apartado «Emprende-Aprende» na que se fai unha lectura reflexiva sobre <i>Fertilizantes e explosivos</i> , elabora un breve informe sobre o uso de fertilizantes, a vida de Fritz Haber e a repercusión da síntese de amoníaco.
9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade do laboratorio e coida os instrumentos e o material empregado.	- Actividades do LA do apartado «Práctica de laboratorio» nas que se familiariza co material que se utiliza para levar a cabo o estudo dos elementos e compostos e onde explica o proceso polo cal levou a cabo a práctica, que observou e as conclusións ás que chegou.
9.2. Desenvolve o traballo experimental de forma independente, utilizando o material correspondente para iso. Interpreta os resultados e describe o proceso seguido	
10.1. Adopta actitudes de respecto, tolerancia e colaboración cando participa en actividades de aprendizaxe cooperativa.	- Actividades do LA do apartado «Pensamos en grupo» nas que traballan de forma cooperativa para atopar o nome de substancias puras, explicar o que é unha molécula e nomear algunhas, a importancia das unións entre átomos e o seu interese para a sociedade, e identificar substancias dunhas fotografías.
11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros cometidos e persevera para mellorar nesas tarefas.	
12.1. Utiliza de forma responsable e coñece os recursos dixitais e a información da unidade.	- Actividade do LA do apartado «Emprende-Aprende», onde busca información sobre o uso de fertilizantes, a vida de Fritz Haber e a repercusión da síntese de amoníaco, e actividades interactivas ao longo de toda a unidade nos apartados de «Na web».
13.1. Trata a información con criterio e aplícaa en distintas situacións e utilízaa de forma activa no proceso de aprendizaxe.	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

